



Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/855/2020 31/01/2020

Servizo PERSONAL PE0000 MALB	Documento 10814I00MP	
Código de verificación  6T0J 4P53 4Q2Y 0I4U 07B4	Expediente 108/2019/188	
	Data 30-01-2020	

Asunto: Aprobación da lista para a cobertura de prazas de Técnico/a Medio/a de Relacións Laborais, baixo calquera das modalidades de funcionarios interinos.

RESOLUCIÓN

Na base oitava da Convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de Técnico/a Medio/a de Recursos Humanos, C.E. 3/17, aprobada por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 20 de xuño de 2018, dispón entre outros que *"Efectuarase unha relación complementaria cos/coas aspirantes finalistas que non obtivesen praza co fin de crear unha lista de espera para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a praza da mesma natureza que a convocada. A lista xestionarase de conformidade coa Instrucción 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do concello da Coruña"*.

Recentemente, finalizou o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico/a Medio/a de Recursos Humanos, C.E. 3/17. Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 10 de decembro de 2019 resolveuse o nomeamento, como Técnica Media de Recursos Humanos, funcionarios de carreira, da aspirante que superou o proceso selectivo e que foi proposta polo Tribunal Cualificador para o seu nomeamento como funcionaria de carreira. Devandita aspirante tomou posesión da praza o día 27 de decembro de 2019.

Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 24 de xaneiro de 2020 resolveuse corrixir o erro material na denominación da praza de persoal funcionario da Convocatoria C.E. 3/17, polo que toda referencia que se fai a "Recursos Humanos" hai que entendela feita a "Relacións Laborais".

Unha vez outorgada a toma de posesión da aspirante que superou o proceso selectivo, en aplicación do previsto na Instrucción 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, desde ou Servizo de Persoal procédese a continuación á confección e aprobación da lista con aqueles aspirantes que superando algún exercicio da fase de oposición e non obtiveron praza. Dita lista destinase á cobertura de prazas de Técnico/a Medio/a de Relacións Laborais, baixo as modalidades de funcionarios/as interinos/as establecidas no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Empregado Público, que figura como anexo I desta Resolución. Esta lista será a única vixente, procedente dun proceso selectivo, para a cobertura das citadas prazas a través da figura de funcionario interino.

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP 03/07/2019 nº 124), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior (por delegación da Xunta de Goberno Local de 28/06/2019), en uso das facultades que ten conferidas),



RESOLVE:

1.- Aprobar a lista derivada da Convocatoria Específica 3/17 (1 praza de Técnico/a Medio/a de Relacións Laborais) para a cobertura de prazas de Técnico Medio de Relacións Laborais, baixo calquera das modalidades de funcionarios interinos establecidas no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, que figura como Anexo I desta resolución. Esta lista será a única vixente, procedente dun proceso selectivo, para a cobertura das citadas prazas a través da figura de funcionario interino.

2.- Esta lista terá efectos a partir da súa publicación na páxina web do Concello.



ANEXO I

Nº Orde	Apelidos e nome	1º exercicio	Total
1º	CASTRO WAGNER, PABLO	40,20	40,20
2º	GONZÁLEZ DEL RÍO, LAURA	38,60	38,60

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.
Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

JOSE MANUEL LAGE TUÑAS